

## CONCURSO ESPECÍFICO DE ORIENTACIÓN 2020

### PAZOS:

**PARTICIPACIÓN:** 15 días desde a publicación no DOG.

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL:** coincidirá coa resolución provisional do CXT.

**RESOLUCIÓN DEFINITIVA:** quen obteña praza en Orientación decae do CXT e a súa praza será ofertada como resulta na propia resolución definitiva do CXT

Un dos avances positivos que se deron nestes últimos anos foi o incremento na oferta de vacantes, algo do que a CIG-Ensino se sente responsábel polo desatrasque que provocamos cos estudos que fixemos públicos.

Con todo, o ano pasado denunciámos unha importante descoordinación e falta de rigor nas vacantes. Mesmo cualificámos como un caos o desfase entre cada concurso e entres este e os destinos do CADP. Este ano volve haber cambios. Algúns (adscripción de unitarias e centros pequenos a centros base) son melloras; noutros casos mantéñense criterios que non entendemos no sindicato nin entenden os centros afectado. Dado que, de feito, o Anexo III se ten convertido nun catálogo de Orientación, solicitamos que se se producen cambios na adscripción de centros ou na determinación de centros base se negocien previamente nas Xuntas de Persoal ou nesta Mesa Sectorial. É algo que xa demandamos o curso pasado.

### Prazas que reclama a CIG-Ensino

PAZAS	MOTIVO
15027332-CEIP das Fontiñas. Santiago	Xubilación
15027551-CRA de Rianxo	Praza necesaria como definitiva
15032868-CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés. Oroso	Podería ser completa ou compartida co CRA de Oroso

PAZAS	MOTIVO
36017703-CEIP Plurilingüe Souto-Donas. Gondomar	Na actualidade compartida co CEIP Serra de Vincios. No CADP ofertouse completa. De saír así
15023508-CEIP Plurilingüe Virxe do Mar. Narón	Comparte cada ano cun centro diferente.
15025554-CEIP Emilio González López. Cambre	Xubilación do ano pasado
32008392-CEIP Inmaculada. Ourense	Sae en resultados no anexo III compartido con CEE Miño, sendo este centro base. Polas NEAE e alumnado que ten debería saír completa.

Mención á parte merecen as **segundas prazas de Orientación** creadas recentemente.

Se a Consellaría ten pensado mantelas, algo que para a CIG-Ensino é positivo, estas prazas deben ser cubertas por persoal definitivo. Falamos de 2 prazas:

PAZAS	MOTIVO
15000363-CEIP Ponte dos Brozos. Arteixo	Segunda praza
15001124-CEIP Francisco Vales Villamarín. Betanzos	Segunda praza

Solicitamos tamén que se faga unha revisión das necesidades dos CPI. Hai algúns que polo escaso alumnado non precisarían unha segunda en Orientación, mais hai outros que si. Mesmo este ano deuse unha segunda orientación na Cañiza. Cremos que a Orientación é Primaria é fundamental e naqueles CPI nos que por total de alumnado ou por casos de NEAE existentes sexa conveniente deben dotarse esas prazas.

## **Xa é hora dun Plan de Orientación cunha rede de centros actualizada**

Vimos demandando desde hai moitos anos que os responsábeis da Consellaría fagan o traballo dunha vez. Debe existir un **plan detallado e negociado para dar estabilidade aos centros. A proposta da CIG-Ensino xa é coñecida:**

- ☑ **Orientación a tempo total en todos os centros de máis de 6 unidades.**
- ☑ **Limitación dos centros adscritos**
- ☑ Compartición de centros con carácter excepcional e limitación de unidades e atender. É preciso un estudo da compartición dos centros en función de unidades, número de alumnado total e distancia entre centros. Para a CIG-Ensino a suma de unidades cando se comparten centros ten que ser inferior ás unidades para unha praza a tempo total, agás casos excepcionais de centros rurais con moi pouca matrícula que se deben negociar.

## **Eliminar o requisito de levar 2 anos no últimos destino definitivo**

Demandamos a eliminación do requisito de levar dous anos no destino para participar, acolléndose á excepcionalidade que permite a Disposición Adicional 1ª do Real Decreto 1346/2010 de concurso de traslados e o artigo 91.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza (LEPG) que reduce de 2 anos a 6 meses a permanencia nun destino definitivo para poder participar nun concurso específico.

## **Baremo**

A CIG-Ensino é partidaria de que as titulacións que se fixan como dereito preferente (psicopedagogía, psicoloxía, pedagogía,...) sexan requisito e non mérito. Seguimos a demandar a modificación do Decreto.

Reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva ou que cando menos se**

## **eliminen discriminacións para o profesorado.**

Isto podería facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT.

Mantemos todas as solicitudes que xa expuxemos para o baremo xeral do CXT matizando o seguinte:

- ☑ **O tope de puntuación para outras funcións docentes:** o baremo actual premia a función directiva sobre as demais responsabilidades e cargos ao limitar estas a 5 puntos cando o tope do apartado chega a 20. Propomos, como no CXT, que se elimine o tope para o apartado 4.3. Deste xeito ten máis valor ocupar a dirección dun centro que estar moitos anos na xefatura de departamento de Orientación dun centro.
- ☑ Hai apartados que están de máis neste concurso no que só pode participar profesorado do corpos de mestres como a antigüidade en corpos de subgrupo inferior: ou do corpo de cátedras.

## **Resolución dos Concursos**

Solicitamos que se incluíra unha solución á posibilidade de ter destino definitivo simultaneo no concurso de adultos e no de orientación, co cal unha das prazas quedaría deserta.

### **Hai que rematar con esta desproporción:**

Dirección: 20 puntos por 4 anos no cargo.  
Todo o resto de cargos docentes: 5 puntos como máximo traballes o tempo que traballes.

**Esa puntuación por 4 anos na Dirección equivale a 10 anos nunha Xefatura de Orientación.**

A administración recolle a nosa achega e vai incluír a seguinte **prioridade: EPAPU, Orientación Mestres e CXT**. Isto implica que quen obteña destino nun concurso que se resolva primeiro xa non poderá obter destino nos seguintes, decaendo deles.

## **Xubilacións**

Faltarían por incluír catro prazas de catro xubilacións: CEE Terra de Ferrol, CEIP Anxo da Guarda de A Coruña, CEIP Curros Enríquez de A Coruña e CRA Mestra Clara Torres de Tui xa comunicadas pola CIG Ensino a administración.